



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE
DE VIGO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA LEVAR A CABO CONXUNTAMENTE A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSIANZAS OFICIAIS DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN ESTUDOS INGLESES AVANZADOS: LINGÜÍSTICA, LITERATURA E CULTURA

En Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2013

REUNIDOS

Dunha parte, don Juan José Casares Long, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, cargo que ostenta en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 99/2010 de 17 de xuño de 2010, da Xunta de Galicia (DOG nº 119, del 24 de xuño de 2010), no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei Orgánica de Universidades 6/2001, de 21 de decembro (BOE do 24 de decembro de 2001) e no artigo 87 dos Estatutos desta Universidade, aprobados por Decreto 28/2004 de 22 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG nº 27 de 9 de febreiro de 2004).

Doutra parte, don Xosé Luís Armesto Barbeito, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, cargo que ostenta en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 251/2011 del 29 de decembro (DOG nº 8, del 12 de xaneiro de 2012), no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 de la Lei Orgánica de Universidades 6/2001, de 21 de decembro (BOE do 24 de decembro de 2001).

Doutra parte, don Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, cargo que ostenta en virtude de nomeamento efectuado polo Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 90/2010, de 10 de xuño, publicado no DOGA nº 114, de 17 de xuño de 2010, actuando no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei Orgánica de

Universidades 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o artigo 58 dos Estatutos desta Universidade, aprobados mediante o Decreto 7/2007, de 14 de xaneiro (DOG nº 21, de 2 febreiro de 2010).

EXPOÑEN

1. Que o artigo 2 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, establece que a autonomía das Universidades comprende, entre outros o establecemento de relacións con outras Entidades para a promoción e desenvolvemento dos seus fins institucionais.
2. Que o Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento do sistema universitario español, prevé no seu artigo 8.1 que a Universidade, de acordo co que estableza a súa normativa, definirá a súa estratexia en materia de investigación e de formación doutoral que se articulará a través de Programas de Doutoramento desenvolvidos en Escolas de Doutoramento ou en outras unidades competentes en materia de investigación, de acordo co establecido nos estatutos da Universidade, nos respectivos convenios de colaboración e neste Real Decreto.
3. Que o artigo 8.2 do mesmo Real Decreto recolle que a citada estratexia contará preferentemente con aliados externos para a súa posta en marcha en virtude de complementariedades, compartición de excelencia ou sinerxias coas estratexias de I+D de outras Institucións. Neste senso, os Programas de doutoramento poden levarse a cabo de forma conxunta entre varias Universidades e contar coa colaboración, expresada mediante un convenio, doutros organismos, centros, Institucións e Entidades con actividades de I+D+i, públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros.
4. Que a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), con sede no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela, e CIF 1518001-A, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, para a consecución dos seus fins e o

- desenvolvemento das súas funcións, que goza de autonomía de acordo co artigo 27.10 da Constitución e a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU).
5. Que a Universidade de Vigo (en adiante UVIGO), con sede no Campus de Vigo, 36310 Vigo, e CIF Q86S0002-B, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, para a consecución dos seus fins e o desenvolvemento das súas funcións, que goza de autonomía de acordo co artigo 27.10 da Constitución e a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU).
 6. Que a Universidade da Coruña (en adiante UDC), con sede na calle Maestranza 9, A Coruña, e CIF Q6550005-J, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, para a consecución dos seus fins e o desenvolvemento das súas funcións, que goza de autonomía de acordo co artigo 27.10 da Constitución e a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU).

Tendo en conta as anteriores manifestacións, as partes implicadas recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular a colaboración entre as Universidades asinantes para organizar, desenvolver e implantar, de modo conxunto, con plena igualdade de dereitos e obrigas, as ensinanzas oficiais do Programa de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura.

SEGUNDA.- Coordinación do Programa de Doutoramento.

A USC actuará como coordinadora do Programa de Doutoramento. No caso de que se produza un cambio da Universidade coordinadora, a Universidade designada como nova coordinadora dun título conxunto, xa verificado e autorizado, responsabilizarase de comunicar á Comunidade Autónoma e ao Consello de Universidades a súa designación como coordinadora do Programa de doutoramento segundo os procedementos establecidos ao efecto.

É competencia e responsabilidade da Universidade coordinadora asumir as seguintes funcións, ademais das que figuren no presente convenio de colaboración do Programa:

1. Coordinar o proceso de elaboración e aprobación do Programa de Doutoramento tratando de asegurar a participación proactiva e equilibrada das Universidades participantes.
2. Realizar as xestións e trámites administrativos en relación ao procedemento de autorización ante a Comunidade Autónoma e verificación ante o Consello de Universidades, así como informar ás Universidades participantes do estado dos citados procedementos.
3. Promover o convenio de colaboración do Programa de Doutoramento e o regulamento de réxime interno da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (en adiante CAPD).
4. Remitir ás Universidades participantes os informes de avaliación e/ou autorización emitidos por ACSUG, polo departamento competente en materia de Universidades da comunidade autónoma e polo Consello de Universidades, así como os documentos que conformen a memoria do Programa unha vez autorizado e verificado o mesmo.
5. Coordinar os procedementos de seguimento e renovación da acreditación do Programa de Doutoramento.
6. Coordinar, de ser o caso, o procedemento de modificación e/ou extinción do Programa de Doutoramento

TERCEIRA. Comisión Académica do Programa de Doutoramento

O órgano responsable da organización, deseño, coordinación e seguimento das actividades de formación e investigación do Programa de Doutoramento é a CAPD do Programa de Doutoramento (en adiante CAPD):

A composición da CAPD será designada por acordo entre os reitores das Universidades participantes e rexeráse por un Regulamento de Réxime Interno que contará co visto e prace de todas as Universidades asinantes do presente convenio. (Ver ANEXO)

Actuará como Presidente da CAPD o coordinador do Programa e un dos membros da CAPD actuará de Secretario, ao obxecto de dar fe dos acordos adoptados pola comisión e levantar acta das sesións da CAPD.

CUARTA. Competencias da Comisión Académica

Son funcións da Comisión Académica dun Programa de Doutoramento:

1. Deseñar, organizar, coordinar e propor ao órgano/unidade responsable dos estudos de doutoramento en cada Universidade o conxunto de actividades que conforman o Programa, incluíndo liñas de investigación, actividades formativas, relación de persoal investigador que asumirá a titoría e a dirección de teses doutorais, criterios de admisión e selección do alumnado e toda cantidade de información sexa requirida polo órgano/unidade responsable dos estudos de doutoramento en cada Universidade en cumprimento da normativa vixente.
2. Manter actualizada a información referente ao Programa de Doutoramento e informar a este respecto ao órgano/unidade responsable dos estudos de doutoramento en cada Universidade de acordo cos prazos e procedemento establecidos.

3. Realizar o proceso de valoración de méritos e admisión do alumnado no Programa de Doutoramento, mediante a aplicación dos criterios e procedementos de selección establecidos na memoria de verificación, que serán públicos.
4. Asignar ao alumno admitido no Programa un titor e, no prazo máximo de tres meses despois de formalizar a súa matrícula, un director. Tamén compete á CAPD a modificación destes nomeamentos e, se é o caso, a autorización da codirección da tese cando concorran razóns de índole académico que o xustifiquen.
5. Establecer, se procede, os complementos específicos de formación que o alumnado debe cursar para ser admitido no Programa de Doutoramento.
6. Establecer, se procede, os requisitos de formación transversal e de formación específica no ámbito do Programa que o alumno debe cursar tras ser admitido no Programa de Doutoramento.
7. Realizar anualmente a avaliación do Documento de Actividades e do Plan de Investigación de cada doutorando, tendo en conta os informes que a tal efecto deberán emitir o titor e o director.
8. Autorizar as estancias e as actividades fóra de España en institucións de ensinanza superior ou centros de investigación de prestixio, necesarias para a inclusión da Mención Internacional no título de doutor. Estas estancias e actividades deberán ser previamente informadas e avaladas polo director e o titor.
9. Autorizar a realización de estudos de doutoramento a tempo parcial no seu Programa cando proceda.
10. Autorizar, de ser o caso, as prórrogas na duración dos estudos de doutoramento e a concesión de baixas temporais, segundo o disposto no RD 99/2011 e na normativa de estudos de doutoramento propia de cada Universidade.
11. Facer as propostas de modificación e/ou suspensión/extinción do Programa, que serán remitidas ao órgano/unidade responsable dos estudos de doutoramento na Universidade para súa valoración.

12. Proporcionar asesoramento académico e/ou científico a doutorandos e a directores de teses.
13. Emitir o informe de autorización de inicio de trámite para a presentación e exposición pública da tese de doutoramento e aprobar, de ser o caso, requisitos de calidade das teses de doutoramento.
14. Elaborar a memoria para a verificación e/ou modificación do Programa segundo a normativa vixente.
15. Calquera outra función que lle encomende o órgano/unidade responsable dos estudos de doutoramento en cada Universidade ou se lle asigne en cumprimento da normativa en materia de doutoramento ou outras disposicións vixentes.

Para a realización das ditas funcións, a CAPD poderá nomear comisións delegadas en cada unha das Universidades participantes, debendo quedar reflectido este feito no correspondente regulamento de réxime interno da CAPD.

QUINTA.- Adhesión doutras Entidades

A incorporación aos estudos de doutoramento obxecto do presente convenio estará aberta, en cursos futuros, a outras Universidades nos mesmos termos do presente convenio, farase mediante o correspondente convenio de adscrición firmado por todas as partes, previa comunicación e informe favorable das autoridades educativas competentes para a verificación dos estudos.

As entidades que se adhiran con posterioridade á implantación das ensinanzas terán os mesmos dereitos e obrigas que as actualmente asinantes, respectando os acordos tomados pola CAPD ata a data da súa incorporación.

SEXTA- Organización da formación doutoral do Programa de Doutoramento

O Programa docente será elaborado e actualizado conxuntamente polas Entidades participantes na organización e desenvolvemento do Programa de Doutoramento a través da CAPD e ofertarase nos termos acordados por esta.

SÉTIMA.- Recursos e servizos destinados ás ensinanzas

As Entidades facilitarán ao alumnado matriculado nas citadas ensinanzas o acceso á utilización dos servizos xerais de cada Entidade (aulas de estudo, aulas informáticas, bibliotecas, laboratorios, etc...), para o adecuado desenvolvemento das mesmas.

A xestión de ingresos e gastos que se orixinen na impartición do Programa de Doutoramento obxecto do presente convenio, realizarase de acordo coa normativa que, para ese efecto, estea vixente en cada unha das Entidades participantes. O financiamento dos gastos ordinarios asociados á realización dos ensinos levarase a cabo dentro de cada Entidade.

Cada Universidade asinante achega ao Programa de Doutoramento os recursos humanos e materiais necesarios para o bo funcionamento dos ditos estudos así como as estruturas de soporte administrativo necesarias para facer fronte á xestión financeira do curso (incluíndo xestión de bolsas e matrículas).

Os gastos extraordinarios asociados á condición de Programa interuniversitario cubriranse, no seu caso, por acordo das Vicerreitorías con competencia nos estudos de doutoramento, e das Xerencias das Universidades que asinan este convenio a cargo de fondos públicos e privados aos que se determine concorrer.

Os ingresos extraordinarios xestionaranse pola CAPD obxecto do convenio e cos criterios que estableza o documento de concesión.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE
DE VIGO

OITAVA.- Admisión e selección do alumnado

As Universidades asinantes do convenio comprométense a incluír o Programa de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura dentro da súa oferta docente anual. Os/as estudantes interesados/as en cursar o Programa de Doutoramento poderán solicitar a súa admisión no mesmo en calquera das Universidades participantes segundo o procedemento vixente en cada unha delas.

A CAPD aplicará os criterios de admisión e selección do alumnado, definidos na memoria de verificación das citadas ensinanzas, criterios que serán únicos para todos os estudantes, independentemente da Universidade na que soliciten ser admitidos.

Os/as estudantes admitidos no Programa de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura formalizarán a matrícula na Universidade correspondente, aboando os prezos públicos que estableza cada Universidade.

NOVENA.- Tramitación de expedientes

Cada unha das Universidades asinantes do presente convenio asume as tarefas de tramitación e custodia dos expedientes dos estudantes que se matriculen nela. Tamén se comprometen a comunicar ao resto das Entidades asinantes do convenio a relación de alumnos matriculados na mesma.

O alumnado estará vinculado, a todos os efectos, á Universidade na que se matriculara e, na súa condición de alumno ou alumna de doutoramento, seralle de aplicación a normativa vixente na mesma, respondendo aos deberes inherentes á condición de alumnado da dita Universidade.

As Universidades participantes recoñecerán a efectos académicos e administrativos as materias e actividades docentes do Programa de Doutoramento cursadas en calquera das Entidades asinantes, nos termos que constan na memoria de verificación do Programa.

As Universidades participantes comprométense a coordinar prazos e procedementos no proceso de preinscripción e matrícula ao obxecto de que a CAPD poida valorar todas as solicitudes de admisión conxuntamente.

DÉCIMA.- Expedición dos títulos

O título de doutor/a será único. Corresponderalle a expedición e rexistro do título á Universidade onde o alumno remate os estudos, facéndose constar no mesmo o carácter de titulación conxunta entre as Universidades participantes no presente convenio, debendo aparecer os logos das Universidades participantes.

UNDÉCIMA.- Procedemento para a modificación ou extinción de planos de estudo

A modificación e/ou extinción del planos de estudos conducentes ao título de doutor/a, arbitrase mediante acordo da maioría das partes.

O Programa de Doutoramento extinguirase por algunha das seguintes causas:

1. Que non supere o proceso de renovación da acreditación establecido no artigo 10 do RD 99/2011.
2. Que non acredite o cumprimento dos requisitos básicos que o Goberno estableza de conformidade co disposto na Lei Orgánica 6/2001, de Universidades.
3. Que non cumpra os requisitos establecidos no artigo 6 do Decreto 222/2011 ou se vexa afecto polo disposto no artigo 18 do devandito Decreto.
4. Que se formule proposta de extinción do Programa ao abeiro dos procesos de revisión e mellora do título de acordo coa sistemática aprobada pola Universidade.

5. Cando concorra calquera situación excepcional que impida o correcto desenvolvemento do Programa de Doutoramento

A extinción producirá os seguintes efectos:

1. A extinción dun Programa de Doutoramento comportará a perda do seu carácter oficial e a baixa no RUCT.
2. Non se poderá proceder a matriculación de novos alumnos no Programa de Doutoramento.
3. A extinción non afectará aos estudantes matriculados con anterioridade e que se atopen cursando estudos no momento da adopción da decisión de extinción. En calquera caso todos os alumnos afectados deberán ser informados da extinción e das consecuencias da mesma no relativo ao desenvolvemento dos seus estudos.
4. As Universidades asinantes do convenio adoptarán as medidas necesarias para garantir os dereitos académicos dos estudantes que se encontren cursando os ditos estudos nos termos establecidos na resolución de extinción dos planos de estudo e acordarán e aprobarán o procedemento de extinción do Programa de Doutoramento nas Universidades asinantes do convenio.

DUODÉCIMA.-Seguros

As Universidades participantes garantirán a cobertura dos seguros necesarios do alumnado matriculado en cada Universidade.

Todo o alumnado da USC menor de 28 anos que curse estudos oficiais está obrigado ao pagamento do seguro escolar. Este seguro abonarase unha soa vez por curso académico, independentemente das titulacións que se cursen. O alumnado poderá subscribir un seguro complementario e voluntario de accidente. O alumnado que curse estudos na USC e estea fóra

da cobertura do seguro escolar está obrigado á subscrición dun seguro obrigatorio segundo o establecido no correspondente Acordo do Consello Goberno de 29 de xuño de 2009.

Todo o alumnado da UDC menor de 28 anos que curse estudos oficiais está obrigado ao pagamento do seguro escolar. Este seguro abonarase unha soa vez por curso académico, independentemente das titulacións que se cursen. Todo o alumnado poderá subscribir un seguro complementario e voluntario de accidente. Todo o alumnado que curse estudos na UDC, incluído o que estea fóra da cobertura do seguro escolar, está adicionalmente cuberto por un seguro de accidentes subscrito por la UDC que voluntariamente pode ser ampliado por cada alumno.

Todo o alumnado da UVIGO menor de 28 anos que curse estudos oficiais está obrigado ao pagamento do seguro escolar. Este seguro abonarase unha soa vez por curso académico, independentemente das titulacións que se cursen. O alumnado poderá subscribir un seguro complementario e voluntario de accidente. O alumnado que curse estudos na UVIGO, incluído o que estea fóra da cobertura do seguro escolar, está adicionalmente cuberto por un seguro de accidentes subscrito por la UVIGO que voluntariamente pode ser ampliado por cada alumno.

DECIMOTERCEIRA.- Profesorado

As Universidades participantes concederán os permisos oportunos ao profesorado para participar nas actividades académicas que teñan lugar no resto das Entidades asinantes deste convenio, de acordo coa súa normativa propia.

DECIMOCUARTA. Mobilidade de estudantes e profesorado

De acordo co establecido no plan de formación, a CAPD fomentará a mobilidade de estudantes e profesorado.

Cada Universidade facilitará aos estudantes matriculados no Programa de Doutoramento a utilización dos servizos de cada entidade (aulas de estudo, aulas informáticas, bibliotecas, laboratorios,...) para o adecuado desenvolvemento do Programa.

A mobilidade de profesores entre Universidades é considerada como un aspecto positivo de valor engadido. As Universidades asinantes fomentarán dentro das respectivas actividades formativas (transversais e específicas dentro do ámbito do Programa de Doutoramento) o intercambio de profesorado.

DECIMOQUINTA.- Resolución e extinción

O presente convenio poderá resolverse polas seguintes causas:

1. Mutuo acordo entre as partes, expresado por escrito.
2. A imposibilidade sobrevida do cumprimento das actividades descritas.
3. A supresión das ensinanzas oficiais obxecto do mesmo.

En caso de extinción ou resolución anticipada deste convenio deberán levarse a cabo todas as obrigas contraídas ata a data da súa resolución.

DECIMOSEXTA. Natureza, réxime xurídico e controversias

Este convenio ten natureza administrativa e réxese polo disposto nos artigos 6 y 8 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e polo artigo 4.1.c) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro. Queda excluído, polo tanto, da regulación de dita Lei, de acordo ao que se establece no citado artigo. O réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no presente convenio, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei de Contratos do Sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran xurdir.

As cuestións litixiosas que xurdan sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do convenio e dos acordos específicos que se establezan como consecuencia do mesmo deberán resolverse, de mutuo acordo, a través da Comisión de Seguimento prevista no convenio. No caso de non ser posible unha solución amigable, e resultar procedente litixio xudicial, as partes acordan someterse á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DECIMOSÉTIMA.- Comisión de seguimento

Crearase unha Comisión paritaria de seguimento integrada por dous membros por cada institución asinante, que serán o/a vicerreitor/a con competencias en doutoramento, que poderá delegar a súa representación, e o coordinador xeral do Programa de Doutoramento obxecto deste documento, por parte da USC e, polas outras institucións, o/a vicerreitor/a con competencias en doutoramento e o/a coordinador das subcomisións académicas de cada unha das outras dúas Universidades implicadas.

Esta Comisión estará encargada de resolver as incidencias de interpretación e execución que puideran xurdir con ocasión do cumprimento do convenio.

DECIMOOITAVA.- Entrada en vigor e vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor no momento da súa firma quedando condicionada a aplicación do mesmo á resolución positiva de verificación e autorización do Programa de Doutoramento por parte da Comunidade Autónoma de Galicia.

A duración do presente convenio estenderase durante catro anos, prorrogables automaticamente por períodos iguais, a menos que este sexa denunciado previamente por escrito por algunha das partes, a cal deberá comunicarllo ás outras cunha antelación mínima de seis meses á data de denuncia do mesmo.

Cando as circunstancias o fagan necesario a fin de adaptalo a unha nova lexislación ou normativa que se dite, procederase á actualización do presente convenio, previo acordo de todas as Entidades asinantes, mediante a subscrición dunha addenda.

E en proba de conformidade e aceptación, firman o presente convenio, por triplicado orixinais, no lugar e data indicados.

Pola Universidade de Santiago

de Compostela


O Reitor



Asdo.: Juan J. Casares Long

Pola Universidade da Coruña

O Reitor



Asdo.: Xosé Luís Armesto

Barbeito

Pola Universidade de
Vigo

O Reitor



Asdo.: Salustiano Mato

de la Iglesia

ANEXO: COMISIÓN ACADÉMICA

Son membros da Comisión Académica interuniversitaria: Dona Teresa Caneda Cabrera (UVigo), Don Antonio Raúl de Toro Santos, Dona. Margarita Estévez Súa (USC), Dona Teresa Fanego Lema (USC), Dona María Jesús Lorenzo Modia (UDC), Dona Isabel Moskowich Spiegel Fandiño (UDC), Don Ignacio M. Palacios Martínez (USC), Don Javier Pérez Guerra (UVigo) e Dona Esperanza Rama Rodríguez (UVigo), sendo Don Ignacio M. Palacios Martínez o Presidente da mesma e Dona María Jesús Lorenzo Modia, a Secretaria. De acordo co regulamento de estudos de doutoramento da USC, a continuación indícanse as subcomisións académicas en cada unha das Universidades participantes:

Subcomisión Académica da Universidade da Coruña

Presidenta: María Jesús Lorenzo Modia
Secretario: Antonio Raúl de Toro Santos
Vogais:
Isabel Moskowich-Spiegel Fandiño
María Frias Rudolphi
David Clark Mitchell
María Jesús Cabarcos Traseira

Subcomisión Académica da Universidade de Vigo



Presidente: Javier Pérez Guerra
Secretaria: Esperanza Rama Martínez
Vogais:
Teresa Caneda Cabrera
Jorge Figueroa Dorrego
Dolores González Álvarez
Martín Urdiales Shaw

Subcomisión Académica da Universidade de Santiago



Presidente: Ignacio M. Palacios Martínez
Secretaria: Margarita Estévez Súa
Vogais:
Teresa Fanego Lema
Luis Iglesias Rábade



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Laura Lojo Rodríguez
María José López Couso
Cristina Mourón Figueroa
Teresa Sánchez Roura

Calquera modificación neste sentido anexarase a este convenio como parte do mesmo.